

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ARG	Artes gráficas	CMARG02	Preimpresión dixital	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0869	Impresión dixital	2018/2019	7	157	157
MPMP08_69	Normalización de ficheiros para a impresión	2018/2019	7	50	50
MPMP08_69	Impresión con equipamentos dixitais	2018/2019	7	107	107

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CLARA GÓMEZ-REINO PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo Impresión dixital, pertencente ao Ciclo Medio de Preimpresión Dixital; tomado como referencia o Decreto 224/2012 polo que se establece o título de técnico en preimpresión dixital e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Baseándonos para esta adecuación, ademais no perfil profesional do título, competencia xeral e competencias profesionais, persoais e sociais e que se concretan no Decreto do Currículo.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en actividades específicas con resultados concretos, na adaptación en función das variacións que se dan na práctica do traballo e nos procesos productivos, actuar correctamente ante anomalías, dirixir o conxunto do traballo e acadar os obxectivos da organización, así como establecer prioridades e actuar en coordinación con outros departamentos.

A dinámica evolutiva do ámbito produtivo do sector en Santiago de Compostela aconsella integrarse moito no mesmo. É dicir, deberemos coñecer as novas tendencias que xorden neste sistema de impresión, novedoso e en constante cambio. Novas tecnoloxías xorden cada pouco tempo, novos produtos, novas posibilidades, polo que o enfoque que se lle dea ao ensino deste sistema non poida ser como os dos sistemas de impresión convencionais, maduros e establecidos.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formatos de traballo e o PDF como estándar	Descrición dos formatos e software máis habituais. Creación de PDFs e estándares	15	12
2	Edición e comprobación de PDFs. Perfís e verificación	Modificación e comprobación de PDFs. Software para a xeración de perfís	20	14
3	Datos variables e formularios	Produción e impresión de dato variable e produtos personalizados	15	9
4	Configuración do RIP	Manexo de colas, especificacións para a impresión e automatización (valores predefinidos, carpetas quentes e impresoras virtuais)	27	17
5	Preparación da máquina de impresión e produción da tiraxe.	Xeración dos produtos impresos a partir dos requerimentos establecidos. Realización dos axustes necesarios para a produción. Coordinación de acabamentos sinxelos co fluxo interno de traballo.	35	20
6	Control de calidade na tiraxe e mantemento das máquinas de impresión	Verificación da correspondencia do impreso cos parámetros previamente establecidos	25	18
7	Preparación das materias primas e consumibles	Identificación de tintas e soportes. Cálculo de papel	20	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formatos de traballo e o PDF como estándar	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Executa os ficheiros informáticos, relacionando entre si a compatibilidade dos formatos, as versións e os elementos que conteñen.	NO
RA2 - Normaliza ficheiros informáticos, para o que interpreta os problemas potenciais nos seus compoñentes e a clase de traballo que cumpra realizar.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Demostrouse a presenza de todos os elementos de acordo coas especificacións recibidas.
CA1.2 Descríbense os principais formatos gráficos para imaxes, e contrastáronse as súas vantaxes e as súas desvantaxes.
CA1.4 Realízouse, de ser o caso, a conversión dos ficheiros ao formato máis adecuado para a impresión dixital.
CA1.5 Descríbense comparativamente os estándares ISO de formatos gráficos para impresión dixital.
CA2.1 Comprobase a adecuación das dimensións e a correcta preparación para o sangrado mediante o posicionamento das marcas de corte.
CA2.3 Descríbense as tecnoloxías de fontes tipográficas comparando os seus proles e contras.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Clases de elementos gráficos: formatos dixitais para imaxes e para fontes tipográficas.
Programas para exame de ficheiros.
Programas de maquetaxe: versións e compatibilidade.
Programas de tratamento de imaxes: versións e compatibilidade.
Seguridade e almacenamento de ficheiros.
Estándares ISO relacionados cos formatos de ficheiro para a impresión dixital.
Resolución de imaxe segundo a tecnoloxía de impresión dixital, segundo o tamaño final do impreso e segundo a clase de elemento gráfico.
Técnicas de compresión de imaxe.
Rendering.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Edición e comprobación de PDFs. Perfís e verificación.	20

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Executa os ficheiros informáticos, relacionando entre si a compatibilidade dos formatos, as versións e os elementos que conteñen.	NO
RA2 - Normaliza ficheiros informáticos, para o que interpreta os problemas potenciais nos seus compoñentes e a clase de traballo que cumpra realizar.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Demostrouse a presenza de todos os elementos de acordo coas especificacións recibidas.
CA1.3 Aplicáronse os métodos de resolución de problemas básicos para rectificar os ficheiros de datos non verificados e os erros de ficheiros.
CA1.4 Realizouse, de ser o caso, a conversión dos ficheiros ao formato máis adecuado para a impresión dixital.
CA2.1 Comprobouse a adecuación das dimensións e a correcta preparación para o sangrado mediante o posicionamento das marcas de corte.
CA2.2 Determinouse a adecuación das imaxes de alta resolución e do seu espazo de cor á máquina de impresión dixital.
CA2.4 Elimináronse as redundancias e os datos innecesarios dos ficheiros de acordo cos procedementos de optimización para a máquina de impresión dixital.
CA2.7 Realizouse o exame dos ficheiros que cumpra imprimir, utilizando algún sistema ou software de verificación.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Programas para exame de ficheiros.
Resolución de imaxe segundo a tecnoloxía de impresión dixital, segundo o tamaño final do impreso e segundo a clase de elemento gráfico.
Técnicas de compresión de imaxe.
Técnicas de redución de cor (GCR, UCR, etc.).
Tratamento das áreas con transparencia.
Elementos dun perfil de exame e normalización, segundo a versión e o estado interno do documento, o tamaño e a orientación das páxinas, a resolución e a compresión das imaxes, o modo de cor, e a incrustación e a natureza das fontes.
Rendering.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Datos variables e formularios	15

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Executa os ficheiros informáticos, relacionando entre si a compatibilidade dos formatos, as versións e os elementos que conteñen.	NO
RA2 - Normaliza ficheiros informáticos, para o que interpreta os problemas potenciais nos seus compoñentes e a clase de traballo que cumpra realizar.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Tratouse a información contida nos datos de acordo coa lexislación de protección de datos.
CA2.5 Preparouse o patrón para impresión de dato variable, e recoñecéronse as áreas e os campos para inserir.
CA2.6 Descríbóronse os principais procedementos empregados na combinación dos datos variables.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Programas para impresión personalizada.
Lexislación e normativa de protección de datos.
Datos variables: combinación para a impresión dixital.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Configuración do RIP	27

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura o procesador de imaxe ráster (RIP), aplicando as ferramentas do programa que relaciona as características do traballo coas especificacións de parámetros dispoñibles.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Estableceuse nas colas de impresión adecuadas a secuencia dos traballos que cumpra realizar segundo as resolucións, o soporte que se vaia imprimir, os acabamentos e os tempos de entrega.
CA1.3 Establecéronse as funcións necesarias nas liñas de fluxo (pipelines) segundo o soporte que cumpra imprimir e/ou os acabamentos.
CA1.4 Aplícase o patrón de imposición adecuado en función do tamaño final do soporte e do tipo de encartamento.
CA1.5 Seleccionáronse os parámetros do RIP necesarios, en función do tipo de traballo e a máquina (liñatura, ángulo, tipo de punto, curva de estampaxe, etc.).
CA1.8 Coordináronse os requisitos de acabamentos menores (corte, tradeadura, inserción de códigos, grampaxe, encartamento, etc.) co fluxo de traballo interno.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Software do RIP.
Xeración de colas de entrada e saída.
Clases de trama: FM, AM, XM, etc.
Liñaturas e ángulos.
Forma do punto.
Rebentamento in-RIP.
Imposición in-RIP.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Preparación da máquina de impresión e produción da tiraxe.	35

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura o procesador de imaxe ráster (RIP), aplicando as ferramentas do programa que relaciona as características do traballo coas especificacións de parámetros dispoñibles.	NO
RA2 - Prepara as materias primas e os consumibles, recoñecendo as especificacións de calidade e cantidade, e calculando as necesidades materiais para o traballo.	NO
RA3 - Prepara a máquina de impresión dixital, interpretando a configuración e o tipo de soporte que se vaia imprimir.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as principais técnicas de compresión de datos e a súa relación cos elementos gráficos (imaxes, texto e vectores).
CA1.3 Establecéronse as funcións necesarias nas liñas de fluxo (pipelines) segundo o soporte que cumpra imprimir e/ou os acabamentos.
CA1.4 Aplícase o patrón de imposición adecuado en función do tamaño final do soporte e do tipo de encartamento.
CA1.5 Selecciónanse os parámetros do RIP necesarios, en función do tipo de traballo e a máquina (liñatura, ángulo, tipo de punto, curva de estampaxe, etc.).
CA1.6 Descríbense os conceptos de calibración e linealización do RIP, e o procedemento para os levar a cabo.
CA1.7 Aplícanse os métodos de resolución de problemas básicos para rectificar os erros de ficheiros en función da natureza dos elementos gráficos (imaxes, fontes e vectores).
CA1.8 Coordináronse os requisitos de acabamentos menores (corte, tradeadura, inserción de códigos, grampaxe, encartamento, etc.) co fluxo de traballo interno.
CA1.9 Selecciónanse tiras de control e outros elementos auxiliares, como marcas e información, necesarios para o control do impreso.
CA2.1 Calculouse a cantidade de soporte para imprimir de modo que o grao de desperdicio sexa o menor posible.
CA2.2 Guillotinouse o soporte que se vaia imprimir no formato especificado, cumprindo as normas de seguridade e recoñecendo os elementos de protección da máquina.
CA3.1 Configurouse o sistema de alimentación do soporte que se vaia imprimir e o amoreador de consonte o grosor do soporte.
CA3.2 Descríbense as principais tecnoloxías de impresión sen impacto empregadas na impresión dixital.
CA3.3 Axustáronse, de ser o caso, as presións da primeira e a segunda transferencia en función do grosor do soporte que se vaia imprimir.
CA3.4 Comprobouse visualmente o rexistro frontal e de reverso mediante as marcas de corte.
CA3.5 Realizouse o axuste de cor mediante os métodos indicados por fábrica.
CA3.6 Axustáronse os mecanismos de acabado en liña en función do tamaño final e do grosor do soporte que se vaia imprimir.

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Software do RIP.





**Contidos**

Xeración de colas de entrada e saída.

Soportes de impresión dixital.

Influencia das condicións ambientais, da embalaxe e do amoreamento do soporte de impresión na alimentación da máquina de impresión dixital.

Métodos de impresión sen impacto: electrofotografía, ionografía, magnetografía, chorro de tinta (continuo, térmico de burbulla, piezoeléctrico e electrostático), termografía, sublimación, etc.

Partes dunha máquina de impresión dixital e función de cada unha.

Categorías de impresión dixital segundo as unidades de impresión, segundo o modo de impresión a dobre cara e segundo a clase de materia colorante.

Posibles acabamentos en liña: fendedura, grampaxe, encartamento, corte e encadernación.

Dispositivos de seguridade.

Marcas de rexistro na totalidade de pregos da tiraxe.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de calidade na tiraxe e mantemento das máquinas de impresión	25

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura o procesador de imaxe ráster (RIP), aplicando as ferramentas do programa que relaciona as características do traballo coas especificacións de parámetros dispoñibles.	NO
RA3 - Prepara a máquina de impresión dixital, interpretando a configuración e o tipo de soporte que se vaia imprimir.	NO
RA4 - Realiza a tiraxe na máquina de impresión dixital, aplicando as calidades do primeiro prego OK.	SI
RA5 - Realiza o mantemento preventivo da máquina e identifica as periodicidades, interpretando as especificacións de fábrica.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Descríbense os conceptos de calibración e linealización do RIP, e o procedemento para os levar a cabo.
CA1.9 Seleccionáronse tiras de control e outros elementos auxiliares, como marcas e información, necesarios para o control do impreso.
CA3.4 Comprobase visualmente o rexistro frontal e de reverso mediante as marcas de corte.
CA3.5 Realízouse o axuste de cor mediante os métodos indicados por fábrica.
CA4.1 Contrastáronse as mostras da tiraxe co prego OK mediante a medición densitométrica ou colorimétrica dos parches da tira de control.
CA4.2 Descríbiuse a función de cada parche e de cada marca das principais tiras de control empregadas na impresión dixital.
CA4.3 Descríbiuse a influencia da presión de impresión, a natureza do material colorante e a clase de soporte que se vaia imprimir no axuste da cor.
CA4.4 Mantivéronse as cantidades adecuadas de tinta ou tóner, mediante o control da interface da máquina de impresión dixital.
CA4.5 Recoñecéronse os principais valores ISO para o soporte de impresión e os parámetros colorimétricos da impresión dixital.
CA4.6 Examinouse visualmente o impreso obtido, e comprobase a ausencia de defectos relacionados coa natureza do soporte.
CA5.1 Executouse o software de asistencia da máquina de acordo coa rutina de mantemento (diaria, semanal ou mensual).
CA5.2 Examinouse a operatividade correcta dos circuitos, os filtros e os compresores mediante a observación dos controis da interface da máquina.
CA5.3 Limpáronse os corotrons, as unidades de tintaxe bid (binary ink developer), a prancha (PIP) e o caucho, recoñecendo as frecuencias, o produto e os procedementos establecidos por fábrica.
CA5.4 Realízouse, de ser o caso, a lubricación da máquina de acordo coas especificacións de fábrica.
CA5.5 Clasifícanse os residuos xerados e depositáronse nos seus contedores correspondentes.
CA5.6 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, utensilios e máquinas de uso na impresión dixital.
CA5.7 Aplicáronse as medidas e as normas de prevención, seguridade e protección ambiental no proceso produtivo de impresión dixital.



#### 4.6.e) Contidos

Contidos
0Procedementos e test de corrección postos en práctica por fábrica.
Calibración e linealización do RIP.
Tiras de control.
Dispositivos de seguridade.
Marcas de rexistro na totalidade de pregos da tiraxe.
Dispositivos de axuste entre cores.
Influencia das condicións ambientais na consecución do rexistro entre caras ou entre cores da mesma cara.
Relación do axuste de cor coa presión de impresión, coa natureza do material colorante (tónor ou tinta) e coa clase de soporte de impresión.
Procedementos operativos estándares, de seguridade e manuais.
Parámetros e valores estandarizados para controlar, segundo a normativa, na impresión dixital.
Elementos e partes da máquina.
Protocolos de mantemento da maquinaria de impresión.
Lubricación da máquina: función, tipos de lubricantes e procedemento de aplicación.
Impacto ambiental dos residuos procedentes da impresión dixital.
Procedemento de separación e almacenamento dos residuos xerados na máquina en impresión dixital.
Relación dos riscos potenciais de toxicidade e seguridade nas máquinas de impresión dixital coas medidas preventivas.
Normas de mantemento establecidas por fábrica respecto dos circuitos e dos filtros.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Preparación das materias primas e consumibles	20

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara as materias primas e os consumibles, recoñecendo as especificacións de calidade e cantidade, e calculando as necesidades materiais para o traballo.	SI

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Calculouse a cantidade de soporte para imprimir de modo que o grao de desperdicio sexa o menor posible.
CA2.2 Guillotinouse o soporte que se vaia imprimir no formato especificado, cumprindo as normas de seguridade e recoñecendo os elementos de protección da máquina.
CA2.3 Describiuse a influencia das propiedades dos consumibles na calidade final do produto impreso en impresión dixital.
CA2.4 Descríronse as tintas e os tóners empregados nas tecnoloxías de impresión dixital.
CA2.5 Relacionáronse as materias primas empregadas co seu grao de sustentabilidade ambiental.
CA2.6 Descríronse as principais certificacións de rastrexabilidade do papel.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Soportes de impresión dixital.
Influencia das condicións ambientais, da embalaxe e do amoreamento do soporte de impresión na alimentación da máquina de impresión dixital.
Tintas en función de tecnoloxía de non impacto: tóners, colorantes e pigmentos.
Certificacións de rastrexabilidade do papel (cadea de custodia).
Lexislación ambiental aplicada á impresión dixital.
Calidade do impreso en función do grosor da capa de tinta, da viscosidade da tinta e da natureza do soporte de impresión.
Posibles revestimentos especiais no soporte de impresión.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os especificados no apartado 4C) Axustar avaliación.

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

Realizaremos (para os contidos conceptuais fundamentalmente) probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo. test, preguntas breves, casos prácticos..., e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. No caso de ter varias probas será a media aritmética das notas obtidas a que nos dará a cualificación final neste apartado. Non se fará a a media de ter algunha das probas con cualificación menor a 4. Suporán un 50% da cualificación final do módulo.

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; Traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 45% da cualificación do módulo.

Formarán parte da cualificación ademais a presentación e o interese/traballo en equipo (cualificacións cualitativas e que formarán parte da avaliación de actitudes). Valorarase a puntualidade, á asistencia ás clases, unha actitude de respecto tanto de cara ao profesorado como os compañeiros/as, receptividade, así como a iniciativa, o interese, a presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e o traballo en equipo dos alumnos/as, a uniformidade e coidado da imaxe persoal, e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Dado o carácter fundamentalmente práctico do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 5% da cualificación final do módulo.

Finalmente, dado que se trata de ensinanzas presenciais a/o alumna/o deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº136/2011 do 15 de xullo). Admitiranse un 5% adicional de faltas sempre que sexan xustificadas documentalmente.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado de segundo curso que na avaliación final non apr

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente e que non perda o dereito a avaliación continua poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados. O alumnado que perda o dereito a avaliación continua terá a opción dun exame final, no caso de aprobalo poderá facer a FCT, no caso contrario terá que esperar ó seguinte curso para a súa recuperación.

En todos os casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:



- ¿ Actividades prácticas similares a las realizadas a lo largo del curso en el aula/taller/obraoiro, que el alumno presentará en tiempo y forma (a criterio del profesor).
- ¿ Nunha proba teórica conceptual de todo o módulo, na que terá que aprobar cunha nota mínima de 5.
- ¿ Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórica e na valoración actitudinal, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: ¿O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro¿ e que poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4 ¿O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións¿.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicárase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua.

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizaráse o modelo MD.75.PRO.03 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01 que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso MD.75.PRO.04 do procedemento de Programación PR.75.PRO.01

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.



Para este módulo pasarase durante a segunda quincena do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor e datos de información de matrícula.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 ¿De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- ¿ Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- ¿ Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- ¿ Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- ¿ Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- ¿ Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- ¿ Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
- ¿ Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter



teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Realizaranse visitas a empresas do sector gráfico, centradas en observar os procedementos produtivos na industria e, a lo menos, observar aqueles procedementos que non se desenvolvan no taller de forma completa o parcial:

Impresión dixital de gran formato

Acabados

- Realizaranse visitas a exposicións, feiras e museos que se celebren no contorno da cidade Santiago de Compostela

A previsión inicial é:

Novembro Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego e AAGG-, Brandía e Tórculo)

Decembro Visita a empresas offset, dixitais e de preimpresión en Galicia (Uniter e Coreti)

Xaneiro Visita a empresas flexográficas e serigráficas en Galicia (Valver, Flexgal, Etilaher e Playdesa)

Febreiro Visita Feira de Artes Gráficas (PortugalPrint, 14-16 febreiro) e Multitema (Porto)

Marzo Visita Feira de Artes Gráficas (Graphispag, 26-29 de marzo) e empresas do sector en Barcelona

Abril Visita a empresas en Asturias (Morés)